

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Aprobación definitiva do Regulamento de organización e funcionamento do Museo do Mar, Etnográfico e Arqueolóxico de Porto do Son*  
**Aprobación definitiva de ordenanza municipal**

Ao abeiro do disposto no parágrafo no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, procédese á publicación do texto íntegro do Regulamento de organización e funcionamento do Museo do Mar, Etnográfico e Arqueolóxico de Porto do Son, unha vez que se elevou a definitivo o acordo de aprobación inicial, e que é do seguinte teor literal:

#### **\*REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO MUSEO DO MAR, ETNOGRÁFICO E ARQUEOLÓXICO DE PORTO DO SON**

##### **CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS**

###### **Artigo 1.-Obxecto.**

Constitúe o obxecto desta disposición regular a organización e o funcionamento do Museo do Mar, Etnográfico e Arqueolóxico de Porto do Son (Museo "Marea"), coa fin de conservar, difundir e investigar o patrimonio etnográfico e arqueolóxico do Concello de Porto do Son.

###### **Artigo 2.-Definición e funcións.**

1. O Museo Marea de Porto do Son é unha institución museística sen personalidade xurídica propia integrada na organización municipal, á que lle corresponde a protección, conservación, documentación, investigación e difusión dos bens materiais e inmateriais integrantes do patrimonio cultural da Comarca do Barbanza, en xeral, e do Concello de Porto do Son, en particular.

2. Atendendo á natureza da súa colección organizarase nunha sección arqueolóxica e nunha sección etnográfica (do mar e da terra).

O ámbito da súa colección definirase pola súa singularidade e importancia en relación con outras institucións culturais afíns existentes no seu ámbito territorial.

A singularidade no ámbito arqueolóxico vén determinada pola importancia do xacemento do Castro de Baroña, así como polos petroglifos, estacións rupestres, mámoas e diferentes restos arqueolóxicos procedentes de achados casuais e/ou prospeccións arqueolóxicas que expliquen o nacemento, desenvolvemento e evolución do espazo físico e cultural que conforma o ámbito do territorial do museo.

A singularidade da colección etnográfica caracterízase pola súa natureza material e inmaterial e estará determinada pola capacidade dos bens culturais para explicar os acontecementos que sustentan a evolución histórica do concello, tal e como se establecerá no Plan Museolóxico.

3. Tendo en conta as seccións que conforman a colección do Museo Marea, e de acordo cunha definición conceptual da institución, a institución constitúese como museo descentralizado constando, sen prexuízo de posteriores ampliacións, dos seguintes inmobles:

– A sé central, situada no edificio de titularidade municipal localizado no número 27 da rúa do Espírito Santo e que se destinará á exposición da sección etnográfica.

– O edificio de titularidade municipal situado na rúa Fernando Fariña, s/n, onde se localiza o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, destinado á exposición da sección arqueolóxica.

– Un inmovible de titularidade municipal destinado a servir de área de reserva das dúas seccións da colección, e que reunirá as especificacións correspondentes en canto a conservación preventiva e consulta de investigadores.

En calquera caso, o Museo poderá dispor de outros edificios de titularidade municipal para fins expositivos ou de réxime interno.

### Artigo 3.-Funcións do Museo Marea.

O Museo Marea desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Recoller, adquirir, estudar, documentar, investigar e expor de forma científica, didáctica e estética o patrimonio etnográfico e arqueolóxico municipal e comarcal.
- b) Conservar os bens culturais que se atopen baixo a súa custodia mediante a adopción de medidas preventivas e de restauración.
- c) Catalogar e documentar os bens que conforman a súa colección.
- d) A investigación aplicada sobre o seu ámbito temático e territorial desenvolvidos e especificados no seu Plan Museolóxico e sobre os aspectos museolóxicos relacionados co cumprimento das restantes funcións da institución.
- e) Facilitar a interpretación do patrimonio cultural que conforma o ámbito temático do museo á sociedade.
- f) Desenvolver actividades didácticas e formativas.
- g) Difundir os coñecementos xerados a partir do estudo e investigación dos bens culturais que conforman a súa colección.
- h) A exposición permanente, ordenada, documentada e significativa da súa colección.

## CAPÍTULO II.-ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO MUSEO

### Artigo 4.-Financiamento e recursos económicos.

O Museo, en canto órgano non diferenciado de xestión, carece de orzamento propio. Para o financiamento das súas actividades, o Concello de Porto do Son consignará nos seus Orzamentos unha partida adecuada para o desenvolvemento das súas actividades, de acordo coa programación anual proposta.

### Artigo 5.-Dirección e recursos humanos.

1. A dirección do museo corresponderalle a un empregado público municipal que reúna os requisitos de cualificación profesional legalmente establecidos e que será nomeado pola Alcaldía de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de emprego público.

2. Compétenlle á dirección do museo as seguintes funcións:

- a) A dirección facultativa do museo.
- b) A custodia dos fondos e bens depositados no museo, correspondéndolle a adopción das medidas urxentes nas circunstancias excepcionais (incendio, expolios...) nas que se poña en risco a integridade das coleccións.
- c) A organización, dirección e coordinación dos traballos administrativos e técnicos inherentes á actividade do museo.
- d) A elaboración e execución da programación e das actividades de conservación, investigación, expositivas e de divulgación do museo.
- e) O establecemento das directrices para o mantemento e xestión das salas de exposición do museo e máis as de réxime interno.
- f) Propor os plans anuais a desenvolver para a conservación, exposición, investigación, restauración e difusión dos fondos e actividades do museo.

3. O museo contará coa dotación de persoal, instalacións e medios axeitados para o desenvolvemento das súas funcións e o cumprimento dos seus fins.

### Artigo 6.-A colección do Museo Marea.

1. A colección do Museo Marea estará integrada polos seguintes bens:

- a) Os de titularidade do Concello de Porto do Son.
- b) Os adquiridos por compravenda ou permuta.
- c) Os adquiridos por herdanza ou doazón.
- d) Os depósitos de bens autorizados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural procedentes de excavacións ou prospeccións arqueolóxicas realizadas no termo municipal ou, no seu caso, na provincia, e os procedentes de incautacións efectuadas polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- e) Os cedidos en depósito ou comodato por entidades públicas ou privadas ou persoas físicas.

2. A adquisición de pezas para o Museo rexerase polo establecido na normativa de patrimonio cultural de Galicia, na reguladora do patrimonio das administracións públicas e das entidades locais e no Dereito Civil, no que resulte de

3. O Concello de Porto do Son non poderá darlle ás pezas que constitúen os fondos do museo un destino ou uso diferente ao previsto neste regulamento.

4. Para a correcta xestión dos seus fondos o Museo disporá dun Libro de Rexistro dilixenciado no que se levará o rexistro das pezas que conforman a colección do museo, detallando as entradas e baixas das mesmas.

Ademais, elaborárase un inventario das pezas da colección no que se detallará o seu procedemento de ingreso, desde o proceso técnico de ingreso ata a conservación preventiva, ás saídas temporais, préstamos, etc, incluíndo a documentación gráfica pertinente.

#### **Artigo 7.-Ingreso e baixa de bens culturais como parte integrante da colección do museo.**

1. A adquisición de pezas para os fondos do Museo realízase a proposta ou co informe favorable do director do Museo quen, no seu caso, estará autorizado para aceptar provisionalmente doazóns, comodatos, depósitos ou ingresos temporais e de acordo cos diferentes xeitos de ingreso de pezas nunha institución museística.

O depósito provisional conlevará a súa formalización, especificando os datos identificativos do doante e do receptor, o estado de conservación do ben, con achega de fotografías que documenten tal estado.

O ingreso de bens no museo deberá estar xustificado e as pezas estar relacionadas coa temática daquel e cos criterios establecidos no Plan museolóxico.

A baixa de pezas deberá contar co informe favorable da dirección do museo.

2. As pezas que constitúen os fondos do museo non poderán ser retirados agás con carácter temporal e para exposicións ou mostras que se desenvolvan fóra das instalacións do museo, asegurando a peza coas máximas garantías posibles, así como o seu retorno unha vez rematada a exposición ou mostra.

As cesións e préstamos temporais de pezas do Museo deberán contar co informe favorable do director do Museo.

3. O Concello de Porto do Son asumirá os gastos precisos para o uso e conservación dos fondos museísticos. Así mesmo, contratará un seguro de danos que cubra as contingencias que poidan derivar dos riscos para a súa integridade.

#### **Artigo 8.-Acceso aos investigadores.**

1. O museo facilitará o acceso dos investigadores aos seus fondos con fins de estudo, documentación e investigación.

2. O acceso aos fondos museísticos requirirá de previa solicitude razoada describindo a proposta e as condicións da investigación. Esta solicitude será avaliada pola dirección do museo, que proporá a súa autorización ou denegación así como as súas condicións e requisitos.

En calquera caso, o acceso aos fondos do museo realízase sempre durante o seu horario de apertura ao público.

#### **Artigo 9.-Colaboración con outras entidades.**

Para o mellor desenvolvemento das funcións que lle son propias, o Museo poderá colaborar con entidades públicas ou privadas ou persoas físicas que realicen actividades directamente relacionadas ou complementarias nos ámbitos de intervención do museo.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Porto do Son, 8 de xullo de 2013.

O alcalde-presidente

Asdo.: José Luis Oujo Pouso

2013/9071